

## Coa literatura medieval, en Santiago de Compostela\*

*Pilar Lorenzo Gradín:*

**E**n nome dos membros da Area de Filoloxía Románica, doulles a todos a benvida a esta mesa redonda, sintagma que, como poden ver, responde máis a unha *definitio rei* que a unha *definitio nominis stricto sensu* pero que, tendo en conta o tema que nos ocupa vennos como anel ó dedo para nos introducir nese mundo fantástico que é a literatura medieval.

Ante todo, quixera manifestar o sentimento de gratitude para cos meus compañeiros ó me escolleren ou, para ser francos, ó me impoñer o exercicio de moderar este acto, porque sospeito creron nuns méritos dos que, sen dúbida, carezo, e calquera de entre eles podería estar aquí facéndoo, seguramente, mellor ca min.

De tódolos xeitos, xa saben vostedes que, cando o misterio é demasiado grande, un non se atreve a desobedecer, e é que a literatura románica evoca, polo menos en min, non soamente ese misterio, senón tamén, a ilusión, a fantasía e, só algunhas veces, unha realidade a medias.

O empeño e a constancia na defensa da materia é un feito que ven *de lonh*, por empregar a coñecida frase de Jaufre Rudel, e no que nos atopamos comprometidos un grupo de profesores entusiastas baixo a coordinación de Mercedes Brea, que coa súa disciplina e ánimos fai de nós o que somos.

Coa oportunidade que ofrece o novo plano de estudos nesta Facultade, a Literatura Románica pode pasar da ficción á realidade. Por iso, pareceunos útil e conveniente

---

(\*) Na semana do 9 ó 13 de marzo do 1992 e auspiciadas pola Area de Filoloxía Románica (Departamento de Filoloxía Galega) da Universidade de Santiago de Compostela, celebráronse as *II Xornadas de Literatura Románica Medieval*. Este "encontro" do *Boletín Galego de Literatura* coa *Literatura Medieval* tivo lugar no marco das mesmas, concretamente, o día 12 de marzo, nunha mesa redonda que, dirixida por Pilar Lorenzo Gradín, reuniu os profesores de Filoloxía Románica Vicente Beltrán (Barcelona), Carlos Alvar (Alcalá de Henares), Juan Paredes (Granada) e Ángel Gómez Moreno (Madrid). Por parte da nosa revista, e como membro do Consello Científico da mesma, estaba presente a catedrática de Filoloxía Románica de Santiago, Mercedes Brea, responsable principal da organización das devanditas xornadas. O texto que se ofrece a continuación, xa que logo, correspóndese coas intervencións dos compoñentes da mesa redonda e do público participante no coloquio. A transcripción e a tradución (castelán-galego) correron a cargo de Elvira Fidalgo Francisco.

organizar estas xornadas, a fin de informar, sobre todo ó alumnado, a propósito dunha asignatura en grande medida descoñecida e que, non obstante, é, ó noso entender, unha materia propedéutica básica para calquera estudante de calquera Filloxía Románica, se ben, a estas alturas somos plenamente conscientes de que o todo non é maior ca algunha das partes.

Por iso convidamos catro figuras de renome, que contan cunha encomiable experiencia docente e investigadora no campo das letras medievais e a quen eu, antes de presentar, quero adicar as mesmas palabras que Dante na súa *Commedia* adica a Guido Guinizelli: *Li dolci detti vostri, quanto durerà l'uso moderno, faranno cari ancora i loro incostri* (*Purg.*, XXVI, vv. 112-114).

Eles son os profesores Vicente Beltrán, Juan Paredes, Carlos Alvar e Angel Gómez Moreno que se encargarán, respectivamente, de definir o que é a literatura románica, marcar os seus límites cronolóxicos, apuntar a metodoloxía a seguir no ensino da literatura e, para finalizar, marcar a importancia que ten para calquera filólogo en formación.

O' final das súas intervencións, poderán vostedes presentar tódalas preguntas que consideren oportunas e eu ireilles dando a palabra na orde en que a vaian pedindo.

Sen máis preámbulos, e como a Páscoa non está moi lonxe e o *Temps novel* vaise achegando, imos logo celebrar Corte, igual có facía o Rei Arturo en Carduel ou Carlión e a disfrutar do *mester fremoso* destes catro distinguidos cabaleiros, ós que eu agradezo moi sinceramente a súa presenza e colaboración neste acto, que soamente pretende dar conta daquela *coscenza letteraria del medioevo* postulada por Salvatore Battaglia.

Ten a palabra o profesor Vicente Beltrán.

### *Vicente Beltrán*

Eu non sei moi ben que é a disciplina das literaturas románicas. Unha cousa é facer o traballo e outra teorizar sobre del. Contar que eran as literaturas románicas na vida da Idade Media cando esa realidade se orixina é moito máis ameno que facer teoría, porque é unha historia de amores e divorcios. A protagonista é Leonor de Aquitania que en 1137 casa co rei de Francia. En realidade, quen mandaba era o abade de Saint Denis, que lle impuxo ó rei apandar co casamento. Pero quen non o aturou foi a muller. Despois dun desaire co seu tío, Reimundo de Aquitania, despois doutro desaire con Saladino, ó final, botouna fóra.

Pero había dous fillos polo medio que formaban parte do problema de separación de bens, a máis do condado de Aquitania: Aelis de Blois e Maria de Champagne.

Leonor volveu casar co rei de Inglaterra, o que supuxo que este se apoderase de media Francia. O rei francés, que non mandaba moito máis alá de Saint Denis, pretendeu recuperar a parte de Francia que agora era inglesa e o asunto acabou na

Henrique II de Plantagenet, acabou pechándoa no castelo para que non lle causase máis problemas, pero Leonor seguíu a encerrar os seus fillos -habidos no matrimonio co rei de Inglaterra- e volveunos contra o pai.

Se seguimos os movementos de Leonor de Aquitania e os seus fillos, atopamos a orixe das literaturas románicas. De Maria de Champagne pasamos a Chrétien de Troyes, pero tamén ó *De amore*, de Andrés, o seu capelán. Por parte inglesa, Henrique morreu novo. Xoan sen Terra, non tiña terra nin coroa e non era nada afeccionado á poesía, pero Godofredo de Bretaña foi conde de Bretaña e trovador. Ricardo Corazón de León foi trovador e Bertran de Born adicouse ás guerras mentres Bernart de Ventadorn puña os seus ollos en Leonor e xa todos sabemos a cantidade de novelas que orixinou o tema.

O' mesmo tempo, sabemos que Leonor de Aquitania promoveu a traducción de obras clásicas ó francés, creando, deste xeito, a novela. Cultura clásica de onde sae a técnica literaria de Chrétien de Troyes e a súa ubicación en Inglaterra permíttelle coñecer a literatura artúrica, herdeira da literatura bretona que nos leva fóra da literatura románica pero que é imprescindible para a historia da novela. Chrétien de Troyes tradúcese ó alemán e a historia continúa...

Aínda pasan cousas máis curiosas pola banda das fillas de Leonor. En 1170, a familia reúne en Francia para despedir a filla, Leonor de Plantagenet, que se ía para casar con Afonso VIII de Castela. Roncaglia demostrou perfectamente que nese momento tivo lugar a polémica literaria sobre como era o amor ideal. Para Bernart de Ventadorn o amor era irrealizable e desinteresado; para Raimbaut de Aurenga era realizable e case interesado; para Chrétien de Troyes era irrealizable e absolutamente desinteresado. Hai ciclos de poesía do tema que despois terían unha transcendencia considerable sobre a teoría provenzal do amor cortés.

O feito é que, cando Leonor de Plantagenet se vai de Francia, no medio da polémica do amor chega a Castela, que non tarda en se poboar de trovadores. Penso que non hai ningunha Corte medieval europea que tivese tantos trovadores como a Corte de Afonso VIII.

Afonso VIII, é dicir, 1170-1212 e, cando falamos de Corte castelá-leonesa desta época, falamos da xénese da literatura galego-portuguesa. Todo era un e o mesmo. Pasamos do alemán ó portugués, pasando polo bretón e pasando polo latín. Aínda poderíamos falar das influencias arábicas nas literaturas romances e tamén da recepción moderna, que xa sería outra historia. Por exemplo, os romanistas franceses e europeos, aínda non foron quen de publicar unha edición antiga e completa das lendas de Tristan e Isolda, porque só temos historias incompletas e fragmentos de historias. A versión completa é a versión en prosa e aínda está por publicar. Actualmente, hai dúas edicións en curso, unha con tres volumes en trinta anos, e a edición de Ménard, que aínda está polo principio.

¿Como coñece a cultura europea os amores de Tristán e Isolda? O achegamento libresco é un resumo da edición de Bédier. Pero a cultura popular non vén de aí. Para empezar, a cultura popular non sabe nada de Iseut, sabe algo de Isolda e non a través da literatura medieval senón a través dunha ópera de Wagner.

Con isto chegamos a non entender se nos empeñamos en construír a historia da literatura nacional. ¿Que é Chrétien de Troyes? Literatura francesa. Pode, pero Chrétien de Troyes nunca tivo relación coa coroa de Francia. Partiu duns presupostos culturais e literarios, dunha tradición literaria e duns protectores totalmente alleos á coroa francesa. Grande parte da literatura provenzal e francesa, a parte máis substancial da literatura dos séculos XII e XIII, é anglonormanda. Prodúcese en Inglaterra ou na parte de Francia baixo coroa inglesa, e orixínase por uns intereses culturais e literarios alleos á coroa francesa.

Empeñarse en nacionalizar nesta época, en diferenciar Alfonso el Sabio de Afonso o Sabio, é bastante grave, porque se corre o risco de facer unha historia da literatura castelá, galega, portuguesa, francesa, etc., que falsea e ignora o que foi a realidade literaria medieval da época. Esta era unha comunidade cultural e literaria que se extendía a todo o ámbito do que podemos estudar como “cultura europea” e que tiña unhas fronteiras externas moi abertas, por exemplo, a arábica. Xa ninguén acepta as orixes arábicas das literaturas romances pero estudiosos positivistas, como Roncaglia, aceptan as orixes arábicas de certos motivos. Hai outras fronteiras moi permeables co bretón, co céltico, sen as cales non entenderíamos a novela artúrica. Un dos elementos máis suxerentes para o lector contemporáneo é, sen dúbida, a literatura artúrica, e iso porque rompeu a barreira da tradición literaria medieval europea para assimilar elementos que proviñan dun mundo culturalmente alleo.

E así poderíamos seguir dando voltas a tódolas lindes por onde as literaturas románicas foron collendo o que lle interesaba e, ademais colléndoo como algo positivo, algo agradable e algo innovador. Non podemos, xa que logo, fragmentar este feito. Non podemos construír unha realidade literaria extraña. A literatura medieval non se produciu no lugar onde se daba a vida, se non onde había un protector que a pagase. Esa é unha situación que non acaba coa Idade Media, senón que avanza coa historia producindo fenómenos que poden explicarse moito mellor a partir dunha vivencia literaria colectiva, conxunta, europea, que a partir dunha vivencia de lingua nacional.

*Juan Paredes.*

Unha primeira consideración parte da realidade cronolóxica en que nos movemos: a Idade Media, na que as literaturas románicas se distinguen como un conxunto unitario.

Do mesmo xeito que o lingüista enumera as linguas da Romania, pode imitalo o historiador da literatura: dúas na antiga Galia, literatura d’oc e d’oïl; tres na Península Ibérica, castelá, galaico-portuguesa e catalana; unha en Italia. As manifestacións literarias do sardo e do retorrománico son minoritarias e non teñen suficiente entidade para seren incluídas neste panorama.

Hai que ter en conta que a área lingüística que chamamos francesa inclúe a metade norte de Francia e a metade de Inglaterra, onde a conquista normanda de 1066 converte o francés na lingua da clase alta e da literatura ata o século XVI. A metade meridional pertence á área provenzal.

Pero esta clasificación só é válida na Idade Media. A partir da época moderna, o panorama cambia. Temos unha literatura francesa, italiana, española. Esta clasificación está baseada nun criterio lingüístico pero é ben sabido que as dúas importantes literaturas de Francia na Idade Media son moi distintas das que se expresan en francés e provenzal moderno. En realidade, únicamente a literatura portuguesa, castelá e italiana se mantiveron lingüísticamente inconfundibles dende o seu nacemento na Idade Media ata hoxe, agás pequenas diferencias.

A división que se pode facer da literatura románica, seguindo este criterio histórico lingüístico, sería, pois, a de literatura de época medieval e a de literatura de época moderna, e isto leva aparelladas consecuencias metodolóxicas.

Monteverdi deixou fixados definitivamente a delimitación e o programa de traballo.

Esta delimitación conleva o estudio e o ensino das literaturas románicas - di Monteverdi- non pode ter en Italia ou en outros países románicos as mesmas características que ten en Alemaña ou en outros países extraños ó mundo románico.

A *Romanische Philologie*, que abrangue o estudio de tódalas literaturas románicas, da portuguesa á romanese, en toda a súa historia, dende *Sainte Eulalie* ata a última novidade en París. E, ó lado disto, o estudio de tódalas linguas romances e dialectos a través da súa documentación histórica e xeográfica. Inmensos horizontes nos que se poden expandir os espíritos máis elevados aínda que outros naufraguen.

O' estudar as literaturas románicas modernas, había que prescindir da literatura nacional de cada país románico. Non se podería imaxinar o estudio das literaturas románicas, polo menos nos dous últimos séculos, ailladas da literatura alemana ou inglesa, ou mesmo da literatura norueguesa, se nesta época viñese confluír ó mundo románico. Visto dende dentro, o mundo románico perde a unidade que mantén -ou parece manter- cando se mira dende fóra.

Non entendemos -insiste Monteverdi- comparar ou coordinar máis alá da literatura italiana, a francesa ou a española e mesmo tamén a romanese, que nace nun ambiente histórico completamente diferente, sen coordinar e comparar con elas ó mesmo tempo outras grandes literaturas de Europa. Mellor é que cada unha destas grandes literaturas sexa estudiada en si e por si.

Eu engadiría, neste senso, que o estudio comparativo resulta, dende o punto de vista románico, fundamental. "A unidade -insiste Monteverdi- preséntase naturalmente no estudio das literaturas romances na Idade Media". E a Idade Media ten en Occidente un carácter unitario e non debe ser considerada como unha idade bárbara nin como unha idade nova. O soño da latinidade e o soño do Imperio acompañaron a Idade Media. Imperio e latinidade morren xuntos e, ó facelo, morre a Idade Media. Pero antes disto naceron no seu seo as literaturas vulgares.

Monteverdi conclúe apuntando os medios necesarios para o estudio das literaturas románicas. Precisan medios especiais que abranguen os da Filoloxía no sentido máis

amplo. O auxilio lingüístico é, ante todo, indispensable. Sen el non se entendería a letra e, moito menos, o espírito. Débese practicar a Filoloxía. Para ela, os coñecementos non son máis ca un medio, o máis poderoso e seguro, para chegar ó fin que é o da plena intelixencia das obras literarias. Pero, aínda que o estudio das obras medievais difire do estudio da literatura moderna por esixir medios especiais, non mira a fins diversos. Desgraciadamente, no estudio das literaturas medievais esquecéronse os fins, como xa sinalou Cesare de Lollis en 1930.

A familiaridade cas obras literarias modernas -remata Monteverdi-, máis ca un exercicio que impida a exacta valoración da literatura medieval serviranos de gran axuda e serviranos para a resolución de problemas que, doutro xeito, habían nos resultar insolubles. Os métodos, en definitiva, están feitos para alcanzar un fin, e ó fin chégase co estudio.

Outro grande romanista, Mário Roques, comparte esta amplitude de visión, que gusta ampliar co que el chama “os clásicos da Idade Media” ata La Fontaine, Balzac e outros, e polo camiño das cancións populares chega ata Apollinaire.

Está, por outra banda, o problema, e eu non vou entrar nel, da delimitación e tránsito ó Renacemento en cada unha das grandes literaturas romances. É un paso difícil e complexo, sobre todo no século XVI. Un século despois xa se van aclarando as cousas. Francia opta polo clasicismo grecorromano e crea o seu propio. A forza do barroco será innegable en Portugal, en Italia e, aínda con máis forza, en España. Pero xa se perde a unidade, polo menos, a armonía románica. Durante o longo período que compón o cadro das literaturas romances, houbo períodos de florecemento que exerceron unha verdadeira hexemonía sobre as outras literaturas.

Na Idade Media, son as literaturas de Francia as que dominan toda Europa. A literatura provenzal é o berce de toda a literatura occidental. Con ela comeza a historia literaria na Europa moderna. A literatura francesa é máis viva e rica e tamén ten maior duración no tempo. Exercerá a súa hexemonía en Europa gracias á súa poesía narrativa como xénero máis importante, renovada sucesivamente, despois, polos cantares de xesta, polos *romanz* clásicos, de *toile* e de aventuras, a fábula animalística, os *fabliaux*, para alcanzar o seu punto culminante na narrativa animalística alegórica que vén congregarse no século XIII as correntes do norte e do sur. Enorme é tamén a masa de literatura relixiosa, didáctica e histórica, e moi considerable e orixinal a poesía lírica e a dramática, que se proxecta ata o século XVI. A vida literaria desenvólvese nas Cortes reais e feudais e nas vilas, a carón das Escolas catedralicias e das Universidades.

A literatura provenzal emigrou, e tamén o fixo a literatura francesa, aínda que por motivos políticos, e impón en Inglaterra e Italia a súa lingua. Os temas narrativos, primeiro en verso e despois en prosa, íanse impondo ás literaturas románicas e xermánicas. O predominio francés sucede o predominio italiano. Comeza máis tarde, ó longo do século XIV, por obra dos tres poetas florentinos, e non se esgotará ata o século XVII. No seo da literatura italiana, nace o Humanismo, co seu selo de universalidade. No século seguinte extenderase por outros países románicos e no XVI collerá voos europeos. Para rematar, na época moderna, as literaturas peninsulares, a española nos séculos XVI e XVII, a portuguesa no XVI amosarán a súa

preponderancia. No século XVII o clasicismo francés imponse en toda Europa. As literaturas romances serán as primeiras afectadas por esta hexemonía que rexorde ó cabo dos séculos. Pero tanto en España coma en Italia hai un período de equilibrio entre as correntes tradicionais e as innovadoras, que acaban por triunfar.

Se comparamos esta nova imposición francesa coa sucedida na Idade Media, decatáronos de que hai unha grande diferenza non só debida, como é natural, ó cambio de perspectiva histórica: na Idade Media as linguas románicas non asumen ó mesmo tempo funcións literarias. Tamén o subliña Monteverdi:

O francés e o provenzal son, dende hai séculos o instrumento de gloriosas literaturas, cando o italiano, o catalán o español e o portugués comezan apenas a ser simpaticamente empregadas con fins literarios. Por iso, estas linguas miran ás dúas primeiras como modelos e acoden ós mesmos soños.

Ademais, na Idade Media, son moi abondosas as traducións ó francés e nos primeiros tempos abundan en tódalas literaturas. Este dato interesa, sobre todo, no nacemento das linguas e literaturas romances. No século da imitación do clasicismo francés, século XVIII, este chega a impoñer as súas directrices estéticas e tamén lingüísticas (o estilo do século de ouro español e italiano), pero impón ademais un cúmulo de ideas. Isto é, o fenómeno medieval está máis circunscrito á transición dunha técnica literaria -métrica culta do XIII para España, esquemas narrativos para Italia no XIII e XIV, en canto na época moderna é máis complexo e isto, pola súa clasicidade, unha vez que esta é unha aspiración racional, humana e universal. O prerromanticismo e o romanticismo significan a expansión das literaturas inglesa e alemana e abren paso ó cosmopolitismo literario de hoxe. Os romanticismos dos países románicos tórnanse nacionais na súa inspiración, o que fai rexurdir literaturas mortas dende a Idade Media ou o Renacemento. Pero aquela unidade fragmentada que o mundo románico tivo nos días unánimes do medioevo concluíu para sempre.

*Carlos Alvar.*

Falar de método para o estudo das literaturas románicas aquí, onde somos todos tan dispares e onde cada quen chegou onde está como puido e aprendeu onde puido aprender, é falar dunha heteroxeneidade que practicamente resulta imposible de marcar.

Quizais, habería que comezar subliñando que a Filoloxía Románica empeza no encontro de Friederich Diez e un maestro seu chamado Goethe, que lle suxeriu que se adicase ó estudio do provenzal, que era un ámbito moi rico e que aínda estaba sen explorar. A partir dese momento, podemos dicir que naceu a Filoloxía Románica.

A Filoloxía Románica estivo sempre marcada polo estigma do seu comezo, é dicir, por unha parte, a lingua e, por outra, os alemáns. Tamén son imaxes heteroxéneas. O estudio foi sempre o estudio lingüístico dos textos. As literaturas románicas, como disciplina en conxunto, son unha disciplina ben recente, ata o punto de que non existe un manual de literaturas románicas.

¿Por que ven ese pé forzado dende o principio a través dos alemáns? É obvio: os ananos só existen ó lado dos xigantes e os pobos románicos só existen ó lado dos xermánicos e viceversa, de maneira que para alguén alleo ó mundo románico, tódolos que descendemos do latín, compomos unha unidade perfectamente estudiable dende fora. As dificultades xorden cando o plantexamos dende dentro. Ese é o principio elemental: a visión do conxunto, non dende dentro, senón dende fóra, porque se o facemos dende dentro temos que facer literatura galego-portuguesa, ou literatura castelá, ou literatura francesa, etc., mentres que dende fóra vese a unidade coherentemente marcada por unha forma de pensamento, por un desenvolvemento cultural, etc.

Con isto quero dicir que o primeiro camiño vén marcado polo estudio lingüístico. A Idade Media interesaba soamente porque ofrecía a posibilidade de estudar certos fenómenos lingüísticos. Os diferentes métodos, xeografía lingüística, gramática histórica, sempre pretenderon un mesmo fin: documentar formas para elaborar gramáticas históricas. Estabámonos achegando ó positivismo.

Así e todo, é a aplicación do método comparatista o que resulta ser verdadeiramente interesante nas literaturas románicas porque permite a ampliación dos nosos coñecementos e ampliar e xustificar moitos aspectos que doutro xeito non se poderían ver. Por exemplo, ó estudar a literatura castelá, empézase normalmente coas gharças, o *Mio Cid*, e así sucesivamente ata Garcilaso, Góngora, etc., como se todo fose un continuo, sen nos decatarmos de que é maior o influxo que ten Berceo dos poetas latinos da súa época que o influxo que exerce Berceo en Garcilaso, que é nulo. Paréceme moito máis interesante para a Idade Media o estudio sincrónico que o diacrónico, é dicir, ver todo o que ocorre no seu momento e analízalo. É a única maneira de sacar unhas conclusións realmente válidas. Nese senso, o estudio das literaturas románicas apóiase nun método comparatista que facilita o labor. Vostedes teñen unha grande vantaxe, e é o feito de seren bilingües, o que lles facilita o camiño porque posúen instrumentos que outros teñen que aprender e, ademais coñecen dúas culturas que lles dan puntos de referencia distintos.

Hai outros métodos que aparecen e reaparecen esporadicamente da man da crítica non propiamente medievalista, como é o caso da socioloxía, por exemplo, que non arrastrou moitos seguidores medievalistas pola cantidade de coñecementos que esixe para exercela ben. Máis pintoresca é a psicocrítica, moi practicada polo seminario lacaniano porque foi a Lacan ó primeiro que se lle ocorreu escribir sobre o amor cortés, a idealización da muller, etc., pero que tampouco resulta moi fructífero. A teoría da recepción perdeu, tamén, moito terreo dende que Jausa a aplicara a algúns textos medievais. Esta teoría vai cedendo o paso a outras, tales como o constructivismo que cada vez van afastando máis o medievalista do seu obxectivo que é coñecer os textos, entender os textos e explicar os textos.

Non quero rematar esta visión dos métodos sen chamar a atención cara algunhas liñas de investigación que están apenas esbozadas e que poden ofrecer resultados interesantes, polo menos, curiosos, e son as relativas ó folclorismo. O folclore, estudiado xa dende hai tempo, aínda non chegou de maneira científica ós estudos de literatura medieval. Empezamos a ver tentativas de aplicación á literatura artúrica e os libros de cabalerías, pero en aspectos moi puntuais. Por aí podería abrirse

un camiño, pero hai que saber moito de folclore, de antropoloxía para non quedarse no meramente pintoresco.

En resumo, o que nos ten que interesar é chegar á obra, tentar de comprender as obras, e para iso o millor sistema é lelas, lelas e tentar de comprendelas.

### *Ángel Gómez Moreno*

Se cara ós anos 20 vemos oscilar a grandes romanistas, da talla de Leo Spitzer, do italiano, o occitano ou o francés cara o español é, sen dúbida, polo resultado da primeira guerra mundial que presentaba alemáns e austríacos como inimigos e os italianos como traidores. Isto contábamo alguén que os coñece ben porque estudiou con eles, Yakov Malkiel, nun dos nosos paseos por Berkeley.

Pero, algo máis debe de haber e debe ser, seguramente, a figura de Menéndez Pidal, nefasta para os nosos estudos en certo punto, pero deslumbrante no resto. O que el fixo foi - e con isto entro nos aspectos positivos- empregar a Filoloxía Románica como método para os seus estudos. Malkiel subliña tamén este detalle cando critica o “espírito parroquiano” dos estudos en España. Durante moito tempo considerámonos o embigo do mundo e contentámonos con estudar o que pasaba aquí. Xustamente foi Menéndez Pidal quen rompeu esta tendencia, atrevéndose a publicar nas mesmas revistas que os grandes filólogos de principio de século, a rebater moitas das súas teses e, en moitas ocasións, a demostrar que a súa postura era a atinada.

A obra de Menéndez Pidal só ten parangón dentro da escola filolóxica española do XX coa de Martín de Riquer, que impuxo os seus estudos como materia curricular en aulas que non eran españolas. Deberíamos de reivindicar este feito con certo prurito nacionalista pola nosa parte, por alcanzar o salto das barreiras lingüísticas e xeográficas que agora parece que nos separan, e deberíamos ser un pouco máis intelixentes e xenerosos, porque o que conseguíu Menéndez Pidal foi que grandes especialistas volvesen a cabeza cara España. Realmente, os estudos de literatura española beneficiáronse do seu labor, ó tratar a Idade Media dende unha óptica panrománica.

As seccións de literatura española que hoxe en día se imparten fóra de España e, do mesmo xeito, as publicacións estranxeiras verbo do tema de España débémollas a Menéndez Pidal. Esa foi a súa maior contribución: romper co espírito limitado dos estudiosos españois que non se atrevían a mirar para afora.

A parte negativa da obra pidaliana penso que ten que ver coa propia constitución da chamada escola española de filoloxía, e ese lado escuro podémolo comprobar cun contraste tan sinxelo como coller a *Historia de la literatura española* de Amador de los Ríos, obra impresionante aínda hoxe, e coller os estudos desa escola dende a época posterior á guerra ata hoxe, ata hai vinte anos, e podemos comprobar que se impuxo un filtro, forte e real, contra todo o estranxeiro, co que voltamos ós prexuízos do principio. Menéndez Pidal comeza a publicar a finais do XIX -o seu derradeiro traballo é case póstumo- e estaba imbuído dun espírito romántico evidente. A finais do XIX, o ensino -con este criterio todopoderoso- das literaturas

medievais e esa búsqueda do “espírito do pobo” están presentes na obra de Menéndez Pidal. Para el a literatura española era moralista, por iso non se incluían algúns títulos; e, por outra parte, ten espírito nacional e carácter nacionalista e realista. Iso obrigaba a expurgar a literatura medieval de todo o que era sospeitoso de ser foráneo. ¿Que foi o que se eliminou? A novela, o *roman* que respiraba ficción e que, ademais, participaba dun elemento tan pouco grato como era o espírito francés.

O último mal para a filoloxía foi a súa división en ramas que impuxo cortes e distanciamentos irracionais, carentes de toda lóxica.

## Coloquio

*Pregunta:* ¿Cal é o maior reto ó que se enfrenta a Filoloxía Románica nestes momentos?

*Resposta* (A. Gómez Moreno): Ter esa habelencia, ter esa competencia en diferentes áreas e non chegar a relacionalas debidamente, non poñelas en estreito contacto é a barreira principal que ten a Filoloxía Románica neste momento e o seu grande reto é romper esa barreira. Un verdadeiro manual de literatura románica aínda está por facer. Pensar, por exemplo, no *Grundriss*, que compartimenta perfectamente tódalas literaturas nacionais, pero que se queda nese desexo de ir máis alá, de atar cabos e de establecer relacións. Iso é, creo, o que ten que facer a Filoloxía Románica e o que aínda non fixo.

(Mercedes Brea): Gustárame engadir algo máis nese senso. Dada a amplitude de contido da Filoloxía Románica, dada a diversidade de linguas e literaturas, xa sen contar as disciplinas auxiliares como paleografía, historia, etc., ser un especialista en literatura románica é case imposible, e o medievalista debe de especializarse, polo menos, na súa liña de investigación. Quixera saber se todos comparten a impresión de que a Filoloxía Románica é imprescindible como disciplina formativa para que abra os nosos campos de mira e nos impida pecharnos en pequenos espazos que, ás veces, o nacionalismo exacerbado nos restrinxen. Tamén eu penso que é lamentable que aínda carezamos dun manual de literatura románica, se ben os aquí presentes estean máis que cualificados para facelo. E quero insistir no de “literatura románica”. Pode que a deformación proceda de que eu son profesora de Lingüística Románica e nunca falamos de “lingüísticas románicas”.

(Carlos Alvar): O problema parece estar en escribir con maiúscula ou minúscula. Falamos de Lingüística Románica e non de lingüística románica. Dende o meu punto de vista, o máis axeitado sería falar de linguas románicas.

(Mercedes Brea): Non é o mesmo lingua que lingüística.

*Pregunta* (público): Se aplicamos o método comparatista e abranguemos unha disciplina panrománica, ¿que pode pasar con términos como *roman*, *chanson de*

*toile*, etc., que parecen definir algo ben concreto pertencente a unha determinada literatura “nacional”?

*Resposta* (Vicente Beltrán): Penso que, precisamente, o espírito panrománico pódenos axudar a romper os nacionalismos que nos están encorsetando. O que non quere dicir que non se poida estudar unicamente un xénero determinado e nunha lingua determinada. Antes, cando Angel falaba de comparatismo, si e non, porque o comparatismo pódenos axudar a explicar os contactos entre un trobador galego e un trobador provenzal, pero tamén pode supoñer estudar un fenómeno concreto cunha metodoloxía distinta da que se aplica nese campo e que procede doutro lugar.

*Pregunta* (Mercedes Brea): Ata agora nesta Facultade non hai ningunha materia que se chame “literatura románica”, aínda que si se contempla nos novos planos de estudio. Como a maioría dos aquí presentes, a este lado da mesa, non terá unha idea moi precisa do que é esta disciplina, ¿podería alguén aclaralo, para facilitar -se se dá o caso- a elección desta asignatura nun momento determinado?

*Resposta* (A. Gómez Moreno): Non é un caso aillado o desta Facultade. Tampouco en Madrid hai, dentro da licenciatura de Filoloxía Románica, unha asignatura que se chame “Literaturas románicas”, e iso non deixa de ser algo sorprendente. Hai galego, hai catalán, dependendo da situación de cada Departamento. Sempre que non haxa unha sección individual de galego, son os de Filoloxía Románica os encargados de ensinar a literatura galega, e con outras seccións pasa o mesmo.

(Vicente Beltrán): Esta situación non é máis ca un produto da historia. Nun principio, todo era Filoloxía Románica e pouco a pouco as filoloxías vanse independizando, e despois, a Filoloxía Románica case desaparece. Pero non desapareceu porque existe e está a recuperarse ó lado da filoloxía española, da filoloxía francesa, etc., que nunca puideron negar que a Filoloxía Románica non existe, porque a realidade impoñe, e é que a Filoloxía Románica existe.

*Pregunta* (público): Un estudio da literatura panrománica seguindo un método comparatista, ¿non é unha meta demasiado ambiciosa, por non dicir inabraguible, para un estudante de filoloxía?

*Resposta* (Carlos Alvar): Tal e como vostede entende a aplicación do método comparatista parece que se precisa saber todo de galego-portugués, todo de castelán, de francés, etc. referente a un xénero literario determinado. É como o que quere estudar o bosque de coníferas e pretende sabelo todo sobre botánica, dende as clases inferiores ás superiores, tódalas aves rapaces, tódolos vertebrados e invertebrados, e iso sería absurdo. O interesante é ter unha visión de conxunto. Despois, se queremos estudar a Pero García de Ambroa, por exemplo, quizais non teña moito sentido estudar a Berceo, aproximadamente da mesma época, pero sí que tería sentido estudar os poetas realistas e festivos da Toscana porque, seguramente, o sistema que utilizan para levar a cabo a súa sátira é moi parecido ó utilizado por Pero García de Ambroa, ou por Afonso X, dado que a aprendizaxe que seguiron todos eles estivo moi próxima. Parten de coñecementos e de técnicas literarias, poéticas e retóricas moi próximas en Italia, Francia, Provenza ou Castela. Por iso, hai que coñecer primeiro a visión de conxunto e despois entrar no particular.

(Mercedes Brea): Quixera engadir algo máis pola miña parte. O máis interesante pode ser partir dunhas bases moi amplas para especializarnos despois e adicarnos ó traballo en algo moi preciso, pero coñecendo un pouco todo o que hai detrás e, sobre todo, saber onde podemos atopar a información que necesitamos para desenvolver o que nos interesa. Pero se comezamos por unha estrutura monolítica e nos falla a base, en calquera momento o noso traballo pode vir abaixo. A pirámide é, nese senso, máis estable.